


The background of the page is filled with a pattern of concentric circles. These circles are arranged in a way that they overlap and create a sense of depth. The colors of the circles range from a light teal at the top to a deeper blue at the bottom, with various shades of green in between. The circles are of different sizes and are distributed across the entire page, creating a dynamic and modern aesthetic.

Resumo memoria de **Responsabilidade Social Universitaria 2018**



*Este resumo da Memoria de Responsabilidade Social
Universitaria 2018, curso académico 2017-2018, da
Universidade de Vigo, busca relatar brevemente e dun
xeito gráfico o contido do devandito documento*


Datos básicos sobre estudiantado

Un 74% dos matriculados no curso 2017-2018 eran estudantes nalgunha carreira do ámbito de ciencias sociais e xurídicas ou de enxeñaría. Este é un dato que se mantén ano tras ano confirmando as preferencias do alumnado por cursar algunha carreira destas ramas. Unhas proporcións que se manteñen no caso dos estudantes egresados.


A formación na UVigo pode complementarse cunha ampla oferta de cursos e obradoiros aos que pode acceder tanto a comunidade universitaria como a sociedade en xeral.

Estudos propios	Matriculados/as
1 titulación propia	63
19 Talleres e obradoiros	273
19 Talleres e obradoiros	44
25 Cursos complementarios	612
30 Cursos de formación	718
3 Outros cursos	149
59 Cursos de extensión universitaria	2368
125 Cursos de idiomas (ano 2017)	2198
8 Cursos de galego	356
3 Cursos formación para maiores	585
TOTAL	7366

Matriculas por rama de coñecemento



Estudiantado egresado por rama de coñecemento




Investigación e transferencia

No 2018 o número de PDI que participou en actividades de investigación competitiva e/ou transferencia foi de 373. Durante ese mesmo ano obtivéronse 189 novos sexenios.

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2018 foron dun 12.63% do orzamento da UVigo. En canto a porcentaxe de financiación, a maior parte dela provén da Xunta de Galicia, seguida pola do Estado.

Durante o ano 2018, a Universidade de Vigo tivo en vixencia 681 contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación. Tamén foron solicitadas 14 patentes, fronte as 27 do 2017. As patentes concedidas aumentaron de 11 a 14, se ben diminuíron as patentes en explotación de 29 a 27, ao igual que o número de spin-off que pasou de 10 a 3.

% de financiación proxectos segundo entidade financiadora 2018



Transferencia, ano 2018		Total
Contratos de licenzas		5
Spin off	Titorizadas	9
	Creadas	2
Patentes solicitadas	Nacionais	5
	Internacionais	9
Patentes en explotación a 31/12/2018	Nacionais	22
	Internacionais	2
Patentes postas en explotación	Nacionais	1
	Internacionais	0
Nº de patentes nacionais activas		232
Software rexistrado		5
Modelos de utilidade solicitados		0
Modelos de utilidade concedidos		0
Modelos de utilidade en explotación		0
Nº de empresas start-up creadas		3

Recursos externos captados	2018
Proxectos investigación A.X. Estado	2.987.610,18 €
Proxectos investigación A.C. Galicia	4.942.312,48 €
Agrupacións estratéxicas A.C. Galicia	0 €
Convenios	770.257,84 €
Proxectos investigación europeos	2.662.542,94 €
Proxectos investigación Interreg	255.537,00 €
Infraestrutura FEDER	5.723.622,00 €
Facturación CACTI	148.635,72€
Facturación ECIMAT	7.7527,16 €
Facturación CINBIO	15.973,84 €
Contratación I+D	4.233.772,75 €
INOUE	40.425,00 €
Total	21.788.216,91 €
Orzamento Uvigo (previsións iniciais)	172.552.088,00 €
%	12,63%

	Total	Importe
Contratos	81	2.572.985,41
Informes	11	72.286,00
Cursos	589	1.588.501,34
Total xeral	681	4.233.772.75

Grupos de investigación	Total
Grupos de investigación	176
Membros grupos de investigación	1.904
Mulleres membros	910
Investigadores/as principais	276
Mulleres Investigadora principal	96

Docencia en inglés

A Universidade de Vigo mantén o seu compromiso coa internacionalización e a mellora nas capacidades lingüísticas dos seus estudantes. Neste sentido, ademais da formación no Centro de Linguas, vaise artellando cada curso académico un número crecente de materias impartidas en inglés nas titulacións oficiais.


Oferta docencia en inglés en grao N° de materias

Estudos de Grao	140
Estudos de mestrado	88

Grao de satisfacción

O grao de satisfacción do alumnado e das persoas egresadas é de 3,34 puntos sobre 5. Como podemos observar na gráfica, é maior a satisfacción entre as persoas egresadas e tamén entre os homes.

Grao de satisfacción 2017/2018



Orientación ao alumnado

A Universidade de Vigo, a través do SIOPE, ofrece a todo o alumnado e ás persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias, unha información clara e completa sobre todo o relativo á vida universitaria. Ademais, ofrece atención nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.

Orientación ao alumnado Totais

Consultas recibidas	1944
Accións formativas desenvolvidas	6
Participantes en accións formativas	431

Bolsas propias

A Universidade de Vigo, un ano máis, mantén o seu compromiso coa igualdade de oportunidades a través dos programas de axudas para estudantes financiados co seu propio orzamento.

Sobre un total de 3.486 solicitudes presentadas para optar a unha bolsa propia da Universidade de Vigo foron aprobadas 2.058, un 59%, o que implica un aumento de 10 puntos porcentuais con respecto ao ano pasado.

Bolsas propias

N° de solicitudes	3486
% mulleres	60%
N° de solicitudes concedidas	2058
% mulleres	61%
Contía total das bolsas	2.536.763,43€
Contía media por bolseiro/a	1232,64€

Prácticas académicas

Durante o curso académico 2017-2018, aumentou o número de alumnos e alumnas que realizaron prácticas académicas curriculares e extracurriculares, 283 e 132 máis que o curso anterior, respectivamente.


Número de alumnos/as en prácticas	Curso 2017/2018
Extracurriculares	1.055
Curriculares	3.935
Nº de convenios	3.047

Emprego


Durante o curso académico 2017-2018, realizáronse un total de 51 consultas de asesoramento e información laboral e 71 entrevistas individualizadas de orientación laboral. A localización xeográfica das persoas entrevistadas corresponde a meirande parte á área metropolitana de Vigo (40) seguido de Pontevedra (23), A Coruña (7), Lugo (5) e Ourense (4).

No relativo ás ofertas de emprego, durante o curso académico 2017-2018 a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou ofertas de emprego para diferentes sectores. En total, tramitáronse 188 ofertas de emprego e xestionáronse 88 convocatorias de formación práctica.

Número de entrevistas individualizadas 2017/2018




Ofertas de emprego por ámbito 2017/2018



Mobilidade

Unha característica relevante da actual formación universitaria é a mobilidade de estudantes. Este aspecto resulta fundamental para a formación integral dos nosos alumnos e alumnas, do mesmo xeito que os programas de prácticas profesionais

Mobilidade internacional do estudiantado 2017/2018



Beneficios sociais

Ademais dos pagos salariais, o persoal da nosa universidade conta con outros beneficios sociais de diferente tipo que no ano 2018 deu como resultado a distribución e importe que pode verse nas táboas que se acompañan.

A través do programa Campus Camp, a nosa institución facilita ao persoal o coidado dos fillos e fillas durante os períodos de vacacións. Durante o ano 2018, 138 nenos e nenas puideron gozar deste servizo.

Situación administrativa por conciliación familiar. Ano 2018

	Total	% Mulleres
Excedencia por coidado de fillos	2	100%
Excedencia voluntaria por agrupación familiar	1	100%
Permiso paternidade	20	5%
Permiso por parto	40	98%
Redución xornada	242	50%


Con cargo ao capítulo 1

Nº persoas beneficiarias	Conceptos	Importe total (€)
438	Acción Social	178.856,47
282	Compl. I.L.T.	544.323,02
7	CPT	8.648,60
23	Gratíf. xubilación anticipada	268.766,37
42	Indemnización	56.741,02
3	Prestación de accidentes	13.052,02
146	Prestación de enfermidade	696.839,96
6	Gratificación por xubilación	106.609,05

Con cargo ao capítulo 6

Nº persoas beneficiarias	Conceptos	Importe total (€)
0	Acción Social	0
34	Compl. I.L.T.	21.692,99
510	Indemnización	216.987,35
3	Prestación de accidentes	11.178,49
22	Prestación de enfermidade	25.426,86

Campus Camp. Histórico de participación. N° de nenos/as 2018



Caixa de queixas, suxestións e parabéns

As queixas e suxestións son mecanismos activos de participación cidadá que serven á nosa Universidade para mellorar a calidade do seu servizo público. O procedemento permite á cidadanía trasladar de xeito áxil e simple, os motivos da súa insatisfacción, así como as propostas de mellora que considere oportunas.

Clasificación interna

QSP

Queixa	371
Suxestión	91
Parabén	51
Demanda	6
Reclamación	0
Solicitud	86
Non clasificable	86
Total xeral	627

Transparencia e sustentabilidade na xestión económica

A universidade mantén nos últimos anos unha liña de estabilidade nos ingresos, cun aumento no ano 2018 do 4.53% respecto do ano anterior.

A institución continúa esforzándose para equilibrar as súas contas e axectar os seus gastos as súas disponibilidades financeiras.

Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2013 a 2018 (€)

	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Ingresos (dereitos recoñecidos)	151.150.166	146.593.087	151.027.720	153.759.723	158.340.392	161.388.146,40
% variación anual	1,88 %	-3,01%	3,03%	1,81%	2,98%	1.89%

Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2013 a 2018 (€)

	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Gastos (obrigas recoñecidas)	142.360.844	147.443.760	155.009.911	149.968.829	157.064.633	164.126,69
% variación anual	-4,28%	3,57%	5,13 %	-3,25%	4,73%	1.89%

Responsabilidade na cadea de aprovisionamento

O seguinte cadro recolle as cifras de facturación atendendo á procedencia dos provedores. Consideramos provedores locais aos das provincias de Pontevedra e Ourense, onde teñen sede os campus da Universidade de Vigo. Estes representan o 47% e facturan 15.465.485,87 €, o que supón o 40,79% do total. Atendendo á orixe xeográfica, a Universidade de Vigo fornécese nun 52.93% do contratado con provedores galegos, que en número representan o 58,80% do total.

Ámbito	Nº Provedores	Total facturado	% facturado
Local	1.343	15.464.485,87	40,79%
Autonómico	331	4.600.476,29	12,13%
Estatál	816	16.328.042,16	43,07%
Estranxeiro	357	1.517.991,10	4%
Totais	2.847	37.911.995,42	100%


Medio ambiente

O estudo da pegada de carbono ten un importante interese e utilidade debido a que pon de manifesto un compromiso de mellora continua da Uvigo de cara á redución de emisións e á eficiencia enerxética. Así mesmo, actúa como instrumento de divulgación e sensibilización social da comunidade universitaria, fomentando prácticas máis sustentables no exercicio e uso das actividades desta institución.

A principal fonte de CO₂ da Uvigo, con 56% das emisións anuais, é a mobilidade, polo que as variacións no número de desprazamentos ou nos hábitos de transporte das persoas usuarias xeran cambios na pegada de carbono.

Emisións totais (Tm Co ₂) ano 2018	Total
Edificación	4.072
Electricidade	4.525
Papel	170
Mobilidade	15.354
Gasóleo C	1.736
Outros (residuos, auga, gas natural)	1.220
Residuos (ponderado)	9
Auga	24
Gas Natural	1.187
Total	27.081
Total por persoa	1,1925

Pegada Ecolóxica



Transferencia social e cultural

Dentro do organigrama institucional, o Servizo de Extensión Universitaria ten como obxectivo básico promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que fomenten a formación integral do noso alumnado. Na táboa que se acompaña pode verse a diversidade de actividades culturais e o número de asistentes ás mesmas.

Transferencia social e cultural

	Actividades	Asistentes
Exposicións	20	12.100
Aulas e obradoiros	48	915
Cursos de extensión	9	378
Coro universitario	20	6.550
Teatro e artes escénicas	21	3.350
Música	19	6.100
Proxeccións audiovisuais	57	5.690
Conferencias e mesas redondas	21	1.670

Promoción do voluntariado e a cooperación

Durante o curso 2017-2018, 108 persoas participaron nas actividades de voluntariado, correndo a Universidade de Vigo cos gastos de desprazamento.

Así mesmo a nosa universidade participa en campañas de doazón de órganos, recollida de alimentos, visitas a hospitais, talleres de inserción, entre outros.


Voluntariado e cooperación	Total	% Mulleres	% Facturado
Nº estudantes en accións de voluntariado	108	77%	40,79%
Nº de programas	32		12,13%

Universidade saudable

A Universidade de Vigo considera o deporte como un aspecto fundamental na formación integral do alumnado e o seu obxectivo é conseguir que o maior número de persoas realice algún tipo de exercicio que contribúa a mellorar a súa calidade de vida, facilitando todos os medios necesarios para a práctica deportiva.

Durante o curso 2017/2018 houbo tres modalidades de abonos: o Abono Múver, o abono Ponte en Forma (PEF), e o abono Active Campus Europe, o cal, ademais das vantaxes dos abonos anteriores, inclúe o acceso a un plan de 10 semanas para alumnado fisicamente inactivo e dúas revisións médico deportivas.

Persoas usuarias tarxetas deportivas 2017-2018



Compromiso coa lingua

A Área de Normalización Lingüística (ANL) encárgase de todas as labores de promoción e soporte técnico ao proceso de espallamento do uso da lingua galega no ámbito docente, investigador, administrativo e de servizos, consonte ao estipulado nos Estatutos da Universidade Vigo.

Cursos 2018	Matriculados/ as	% Mulleres
Curso de extensión cultural	24	83%
Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación	59	71%
Galego: actualízate	60	72%
Escribir en internet	29	79%
Redacta con claridade e mellora a túa redacción	61	72%
Curso básico de linguaxe sanitaria	14	79%
Curso de achegamento á lingua e cultura galega	1	100%
Total xeral	339	73%

